

进口

婴幼儿产品

Imported Baby Products

MEET THE BUYER VIRTUAL

RORIA CO. LTD.  
SHANGHAI  
CHINA

4 agosto 2020



Roria 荣悦

# MEET THE BUYER VIRTUAL

**Clusaga, colaborando coa oficina en China do Igape e coa importadora SHANGHAI RORIA CO., organiza B2B'S MEETINGS con potenciais provedores galegos.**

## SHANGHAI RORIA CO. LTD

A empresa foi creada en 2008 e é un axente de importación de alimentos en China. A compañía é o axente exclusivo en China para moitas marcas de alimentos coñecidas en todo o mundo, en particular de produtos europeos, principalmente de España e Italia. Os produtos , incluídos en seis categorías de alimentos gozan dun alto status entre os consumidores.

A compañía ven de establecer relacións de cooperación a longo prazo e estables con moitos comerciantes, obtendo cobertura en grandes clientes de restauración e venda polo miúdo. Traballa en estreita colaboración con axentes autorizados para garantir o bo progreso da importación de produtos, declaración aduaneira, inspección sanitaria e vendas. Deste xeito, optimizando os enlaces da cadea de subministración, conta coa capacidade de ofrecer aos clientes produtos especiais persoalizados.

Roria esta interesada en manter reunións con potenciais provedores dos seguintes produtos agrupados nas seguintes categorías: queixos, produtos de peixe e marisco (conxelado e conserva), pratos elaborados, produtos de panadaría e froitas e vexetais.

O interese da cadea en liña co seu posicionamento céntrase en produtos de alta calidade con especial atención aos produtos gourmet.

## INSCRICIÓN E MÁIS INFORMACIÓN

Para participar e solicitar máis información en [export@clusaga.org](mailto:export@clusaga.org)